

## Á BEIRA DA MORTE. ALGÚNS EXEMPLOS EUROPEOS SOBRE A UTILIZACIÓN DO CONTORNO INMEDIATO AOS MONUMENTOS MEGALÍTICOS FUNERARIOS COMO POSÍBEIS MODELOS PARA GALICIA

Por Xosé Ignacio VILASECO VÁZQUEZ

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

«Resumiendo, no se sabe nada con certeza, pero todo es posible»

HUGO PRATT. *Cita en Bahía.*

**Abstract:** Some European examples of the use of the immediate surroundings of megalithic tombs in prehistoric times are analysed. The review shows that they can be previous to the monuments, contemporary to the construction or use of them, or even later. These uses can be very different: facts related with the construction of the tomb, activity areas without permanent occupation, settlements, «ritual» structures or even non-monumental tombs. Examples of all of them are shown, revealing some possible Galician parallels. It is proposed that these uses must be more common in our territory than it is known by now. As a conclusion, the poor results of two fieldworks developed at the surroundings of the passage graves of Dombate and Axeitos (A Coruña province) are shown.

**KeyWords:** Megalithic graves, ritual, settlement

### PRESENTACIÓN. XUSTIFICACIÓN DO TEXTO

O estudo do uso dos espazos exteriores inmediatos aos monumentos megalíticos funerarios é unha das grandes eivas da investigación arqueolóxica, non só en Galicia, senón, en xeral, en toda a Europa atlántica, como xa manifestaba Whittle hai preto de 20 anos (1988: 170). Sen lugar a dúbidas, a construción

e utilización dunha tumba monumental nun determinado punto do territorio ten que ter provocado o desenvolvemento ao seu carón dunha serie de actividades polas xentes que a empregaron, como a realización dunha serie de accións ou ocupacións temporais no terreo circundante, ou mesmo a existencia de campamentos episódicos ou poboados estacionais. Un conxunto de actividades que, dalgunha maneira, teñen que ter deixado pegadas no terreo circundante factíbeis de seren identificadas arqueoloxicamente (Criado et al., 2000). Evidentemente, tamén o contrario é posíbel, e o feito da construción da tumba puido ter provocado unha especie de «sacralización» da área en que se construíu, imposibilitando ritualmente a frecuentación da zona para outros usos que non fosen os relacionados cos mortos e mais a morte.

Aínda que a alternativa anterior é unha das problemáticas máis interesantes que ao meu xuízo se formulan en relación co estudo da mentalidade das comunidades construtoras de monumentos megalíticos, cómpre recoñecer que no caso galego, igual que nas zonas veciñas de Asturias e mais o norte de Portugal, en moi contadas ocasións se ten estendido a escavación dunha tumba alén dun par de metros do borde exterior do túmulo do monumento, e, cando isto ten sucedido, na maioría dos casos se debeu a que os procesos post-deposicionais provocaron o agrandamento do seu diámetro *aparente*<sup>1</sup>, que provocou un deseño de escavación maior do que en realidade era o monumento. A situación non parece ter variado nos últimos anos, mesmo a pesar dos chamamentos realizados en varias ocasións para estender as remocións arqueolóxicas ás zonas internas e próximas ás necrópoles de túmulos (por exemplo, Vázquez, 1995 ou Ramil, 1996). Nin sequera podemos achacar esta situación á escasa presenza no noso territorio até datas recentes de escavacións en área dos monumentos (Vilaseco, 2001). De feito, a escaseza de escavacións alén dos límites dos túmulos en Galicia contrasta, por exemplo, con exemplos ingleses como o de Conebury Henge, un monumento non funerario próximo a Stonehenge, onde durante a súa escavación mediante gabias de sondaxe, estas chegaron a estenderse máis de 10 m. por fóra da estrutura visíbel (Richards, 1990: fig. 97). Máis interesante, por tratarse dun enterramento, é o caso do túmulo de Durrington Down, na mesma zona, no que, ademais de escavar o centro e mais unha gabia a través da masa tumular, se realizaron unha serie de sondaxes aleatorias de 2 x 2 m. para examinar o contexto inmediato ao túmulo, ademais dunha área de 12 x 7 m. que foi interpretada antes da escavación como un posíbel campo de furnas da Idade do Bronce (Richards, 1990: 172-175 e fig. 129) [Fig. 1A].

As liñas que seguen non son máis que unha análise superficial dalgúns exemplos que existen na bibliografía arqueolóxica europea, principalmente fran-

---

<sup>1</sup>O túmulo *aparente*, é dicir, a mámoa tal e como se observa na actualidade, antes da súa escavación arqueolóxica, non adoita coincidir co túmulo *real*, a mámoa orixinariamente construída, xa que durante mais de tres mil anos estivo sometida a procesos de erosión e/ou sedimentación que a fixeron variar en forma, configurando a súa actual aparencia tumular.

cesa e británica, da utilización do contorno inmediato dos monumentos megalíticos funerarios, e que poden servir de modelos para o que é probábel que tamén teña sucedido na Galicia prehistórica. A eles engadírase unha breve revisión dos casos publicados en que se documentaron posibles utilizacións similares en monumentos megalíticos do noso territorio, ou de zonas próximas do NW peninsular. A clasificación deste tipo de actividades non resulta doada, en tanto que a súa natureza e cronoloxía son moi variadas. En canto á cronoloxía, o contorno inmediato dos monumentos megalíticos parece ter sido frecuentado xa con anterioridade á erección das tumbas, durante o propio neolítico ou mesmo no epipaleolítico; e, unha vez construídas, parece seguir a frecuentarse durante a utilización da tumba e mesmo logo do peche desta. Polo que respecta á súa natureza, téñense documentado desde estruturas de habitación máis ou menos permanente, pasando por áreas de actividade sen evidencias de ocupación, até prácticas funerarias exteriores aos monumentos, ou mesmo outro tipo de estruturas de moi variada forma interpretadas como *rituais*. Estes son os diferentes tipos que conseguín documentar na bibliografía consultada:

1. Evidencias relacionadas co sistema de construción dos monumentos.
2. Áreas de actividade sen constatación de ocupación permanente, que poden ser desde a presenza de restos de talla até evidencias do cultivo dos terreos.
3. Restos de habitación, que poden ser anteriores á construción do monumento, coetáneos a algunha das fases de utilización do sepulcro, ou mesmo posteriores ao seu peche.
4. Presenza de estruturas de complicada definición anteriores, vinculadas ou posteriores aos monumentos, e que podemos definir en xeral como «rituais».
5. Formando parte do grupo de rituais, pero tratadas como un conxunto á parte, prácticas funerarias exteriores aos monumentos, que unicamente teñen sido sinaladas para momentos coetáneos ou posteriores aos monumentos.

Ante esta variabilidade, no discurso que segue vaise adoptar unha estruturación mixta, en primeiro lugar cronolóxica e, dentro desta, en función da súa natureza. Aínda que cómpre recoñecer que non sempre se poden diferenciar claramente entre restos de habitación e outros elementos rituais, ao apareceren en ocasións mesturados, mentres que noutros casos non se pode confirmar a relación cronolóxica entre a tumba e mais os elementos documentados ao seu carón. Exclúense nesta análise, de forma completamente intencionada, os casos documentados en que se producen procesos de «monumentalización» de monumentos megalíticos (Jorge, 1986), por entender que estes fenómenos corresponden en realidade a procesos de cambio na propia estrutura funeraria construída. Así

e todo, recoñezo que se trata dunha separación artificial, e probablemente carente de sentido, posto que, ¿até que punto a monumentalización dun lugar de habitación cun sepulcro megalítico era diferente para as xentes do neolítico da monumentalización dunha pequena tumba mediante a construción doutra maior?

## OS ESPAZOS MEGALÍTICOS ANTES DOS DOLMENS

Cada día parece máis claro que as tumbas megalíticas foron construídas en lugares que xa viñan sendo frecuentados polas xentes do neolítico cunha certa periodicidade, se cadra como unha forma que tiñan as comunidades de reivindicar, a través do recurso aos antepasados, os seus dereitos sobre unhas terras que viñan ocupando e utilizando de xeito cíclico; ou, cando menos, as tumbas eran levantadas nuns terreos que xa tiñan unha significación especial previa, polo que terían servido tanto como un marcador permanente como para incrementar a importancia do lugar. As evidencias deste tipo conservadas adoitan aparecer por debaixo do propio túmulo, ao ficaren seladas pola súa construción, xa que en poucas ocasións se manteñen por fóra dos límites de aquel, probablemente por mor dos importantes procesos postdeposicionais a que se viron sometidas as áreas inmediatas aos monumentos.

### Áreas de actividade sen evidencias de ocupación permanente

En ocasións estas actividades poden responder a **pegadas de actividades cotiás**, como **evidencias do cultivo dos terreos** en que despois se levantaron as tumbas. As máis espectaculares corresponden coas *marcas de arado* que ficaron fosilizadas baixo algunhas delas, como foi o caso de Himmelev (Zealand, Dinamarca), onde se atopaban baixo un nivel de ocupación á súa vez selado pola construción dun dolmen de corredor (Whittle, 1988: 50). Outros exemplos con marcas de arado baixo os túmulos son o *long barrow* de South Street (Wiltshire, Inglaterra), e mais os monumentos de Fuglesbaeksbanken (tamén en Zealand) ou Sarnowo (Polonia) (Whittle, 1985: 214, 222), se ben nalgún caso tense proposto a posibilidade de que máis que produto do cultivo das fincas, en realidade resposten a unha especie de vesado do terreo previo á construción da tumba. Noutros casos a presenza da actividade humana é máis tenue, e vén sinalada polas **análises polínicas** realizadas nos solos enterrados baixo os monumentos. Así, no conxunto de Clava (Escocia), construído nos comezos da Idade do Bronce (2200-1700 A.C.)<sup>2</sup>, os resultados amosan que algún semella estar construído sobre unha zona que foi previamente clareada para o cultivo, constatándose ademais en ocasións a presenza de pole de cereal, en concreto cebada (Bradley, 2000: 120-121).

---

<sup>2</sup>As datas que se aportan no presente artigo son sempre calibradas.

Exemplos similares ao último citado teñen sido sinalados ocasionalmente en **Galicia** grazas á realización de análises polínicas en solos enterrados pola construción dos monumentos, nos que ás veces se documenta a presenza de pole de cereal, ou de plantas ruderais, que adoitan medrar logo da queima dos terreos, téndose interpretado como resultado de clareos antrópicos para permitir o cultivo (vid., por exemplo, Criado et al., 1986). Así e todo, cómpre salientar que dado que en todos os casos publicados descoñecemos o grao de truncamento que os traballos de construción desas tumbas provocou nos solos sepultados por elas, resulta difícil avaliar o grao de continuidade que poden ter estas posíbeis actividades agrícolas e mais a construción das tumbas (Ramil e mais Fernández, 1996; Vilaseco, 2001).

### **Restos de habitación previos á construción do monumento**

Sen lugar a dúbidas, os elementos máis frecuentemente documentados responden á presenza de restos de habitación anteriores á construción do monumento, situación que está plenamente constatada en diversas partes do continente europeo. Os exemplos son variados, e moitas veces responden simplemente á presenza de algúns útiles líticos, cerámica e carbóns, e, en ocasións, buratos de poste, como sucede baixo os túmulos dalgúns monumentos irlandeses, tanto *chambered tombs* como *court tombs*, ou mesmo baixo o enorme túmulo do dolmen de corredor de Newgrange e algún dos seus monumentos satélite (O’Kelly, 1989: 50-53). Así, por exemplo, baixo o cairn de Baltinglass había dúas extensións de materiais, pero sen evidencias de estruturas (Eogan, 1986: 196). Tamén existen casos en Francia, como o do monumento de la Bruyère du Hamel (Condé-sur-Iffs, Normandía), un túmulo ovoide con dúas cámaras con corredor, no que a exploración puntual do paleosolo a través de sondaxes (40 m<sup>2</sup> en total) permitiu localizar tres estruturas escavadas no coluvión de base, dúas delas con abundante material detrítico (Dron e mais San Juan, 1992: 35) [Fig. 1B]. Na Orca de Folhadal (Beira Alta, Portugal) localizáronse dúas posíbeis cabanas, unha situada fronte á entrada do corredor do monumento e formada por 10 buracos de poste, algúns aínda con calzos, que configuran unha planta oval de 3 x 4 m, cunha estrutura de combustión no seu interior lixeiramente descentrada; a segunda localizábase ao norte do túmulo, e con 10 buracos de poste formaba unha planta subcuadrangular de 2,5 m. de lado (Senna e mais Ventura, 2000) [Fig. 2A]. Neste último caso os escavadores pensan que o piso das cabanas foi desmantelado cando a preparación do terreo para a construción do megálito, de aí que os buratos presenten unha profundidade de apenas 10-12 cm., insuficientes segundo eles para soportaren postes de 15 a 20 cm. de diámetro. Esta sería tamén a razón de que apenas se teñan localizado materiais arqueolóxicos en relación coas estruturas.

Na maior parte dos casos os restos citados son directamente interpretados como os trazos dun poboado abandonado, cuxa extensión ou natureza son

imposíbeis de definir, conservados precisamente pola superposición do túmulo sobre eles. Así e todo, cómpre recoñecer que non sempre é a única posibilidade, xa que tamén poden respostar a prácticas rituais ou preparacións previas á construción das tumbas, e, cando as estruturas non se asocian a materiais, como sucede na Orca de Folhadal, a interpretación é aínda máis que dubidosa. Cooney (2000: 93) sinala que o *court* (adro / patio) e mais a cámara máis interna da *court tomb* de Annaghmare (Irlanda) se construíron sobre senllos ocos na rocha, e no segundo deles atopáronse os fragmentos dun recipiente carenado, a cotas inferiores ao pavimento da cámara que se construíu por riba del. Para o autor este tipo de achados son unha mostra daqueles lugares que xa semellan ter unha significación específica antes da erección dos monumentos, e propón unha interpretación similar aos buratos de poste e foxas previos á construción do túmulo de Carrowmore 7, tamén en Irlanda.

Noutros casos, porén, os restos de habitación son inequívocos. Así, por exemplo, en Ernes (Normandía), baixo un túmulo circular con cámara e corredor documentouse unha ocupación datábel no 4500-4000 A.C., con estruturas de combustión agrupadas en dous conxuntos, rodeadas de abundantes concentracións de artefactos e restos orgánicos (ósos de bóvidos, súidos e ovicápridos, ademais de grans de trigo e cascas de abelá). A distribución dos achados e fogares indica unha estruturación do espazo, ao tempo que dá mostra dunha ocupación dunha certa importancia polo número de fosas, a variedade de alimentos consumidos, e mesmo a presenza de fabricación de útiles (Dron e mais San Juan, 1992: 32-35) [Fig. 2B]. No *long barrow* de Hazleton North (sur de Inglaterra) documentáronse, no solo enterrado, dous momentos de actividade anteriores á tumba: un corresponde ao mesolítico serodio<sup>3</sup>, sen podermos precisar máis, coa aparición de sílex tallado no límite oeste do monumento; o outro é xa neolítico, coa aparición de artefactos cerámicos e líticos, ósos de animais domésticos, así como algunha estrutura, entre elas unha lareira e mais 13 buratos de poste (Saville, 1990: 13-22) [Fig. 3A]. Tamén en Irlanda se sinalan varios casos, como o de Townleyhall 2, onde nunha área de 16 x 11 m, apareceron 142 buratos de poste, sen que se puidese definir o feitío da estrutura que formaban, e, asociados a eles, dous fogares con pavimento e mais outros seis lumes, todos eles en relación cun nivel que contiña abundantes materiais neolíticos (Eogan, 1986: 196). Nalgúns casos as estruturas de habitación premegalíticas son perfectamente identificábeis. Así sucedía nas dúas *court tombs* tamén irlandesas de Ballyglass [Fig. 3B]. Nunha localizáronse as gabias de fundación dunha casa rectangular de 13 x 6 m, completadas con buratos de poste no interior delas; no seu interior había lareiras e mais cerámica neolítica, e outras foxas con cerámica e sílex localizáronse ao exterior da casa. Na outra tumba localizáronse as cimentacións de dúas

---

<sup>3</sup>Nos monumentos xa citados de Clava (Escocia) obtivéronse tres datacións do mesolítico, dúas no sexto milenio A. C. e unha no quinto, pero dado que non se localizaron artefactos non se pode asegurar que as datas estean asociadas a unha actividade humana (Bradley, 2000: 167-168).

estruturas de madeira, unha ao sur que medía 6,5 x 3 m. e a outra no propio adro da tumba, con varios buratos de poste, que resultaba máis difícil de definir (O'Kelly, 1989: 53-54). Baixo o xacemento palentino de La Velilla (Delibes et al., 1997), un túmulo de 20 m. de diámetro moi arrasado no momento da escavación, constatáronse dous niveis de ocupación neolíticos. No máis antigo, datado a comezos do V milenio AC, localizouse unha cabana de planta oval de fondo afundido, delimitada por buratos de poste e cun fogar central, mentres que no máis recente, xa de finais do milenio, se documenta unha concentración de fogares. Os materiais son moi similares en ambos os niveis, e cando menos no máis recente aparecen restos de fauna doméstica. Un outro exemplo é o do túmulo zamorano de El Teso del Oro (Palomino e mais Rojo, 1997), baixo o que se localizaron, a través dunhas pequenas sondaxes, os restos dunha ocupación consistentes en restos de talla, fragmentos cerámicos e ósos de fauna, asociados a un nivel de terra e madeira queimada.

Un dos casos en que se documenta unha secuencia de ocupación máis complexa é o do conxunto irlandés de *Knowth*, o enorme túmulo que alberga dous dolmens de corredor, e as tumbas satélite que o rodean [Fig. 4]. En primeiro lugar, pola aparición de materiais revoltos, é posíbel que no lugar existise unha área de actividade do Mesolítico final, que foi alterada polas diversas ocupacións posteriores. Os primeiros restos de habitación constatados remóntanse aos séculos iniciais do cuarto milenio AC, cando se produce un asentamento con cando menos dúas casas rectangulares ao norte e leste do xacemento. Varios séculos despois a actividade trasládase á parte oeste, onde se identifican á súa vez dúas fases: unha ou varias casas rectangulares definidas por gabias de fundación, anteceden a un *enclosure* (recinto) curvo realizado con dúas gabias paralelas. Despois, no Neolítico Medio, dáse un asentamento no lado leste e nordeste, cun grupo dunhas dez vivendas circulares con fogares internos definidas por buratos de poste. A construción das tumbas, entre o 3300 e mais o 2900 AC, sepultou todos estes restos (Cooney, 2000: 30, 81).

A pesar de que os exemplos son múltiples<sup>4</sup>, resulta difícil establecer se existe unha relación de continuidade entre o poboado previo, ou o último nivel de ocupación coñecido, e mais a tumba, algo que xa expuña Saville (1990) en relación ao caso de Hazleton North. Para Knowth tense suxerido a posibilidade de que as primeiras pequenas tumbas de corredor construídas na zona cheguen a convivir coa última fase de habitación documentada, pero cando se erixiu o grande monumento central, esta ficou enterrada por completo, e no momento en que se erixiron as tumbas 17 e 18, ao E do grande sepulcro, xa se tiña formado unha capa de herba natural sobre os restos do nivel de habitación que se estendían ao exterior de aquel (Eogan, 1998). Nun dos monumentos de Ballyglass, pola contra, a conexión semella probábel dado que ao parecer houbo que demoler a vivenda

---

<sup>4</sup>Outros exemplos para o Báltico aparecen referidos en Criado et al. (2000: 294).

localizada para facer sitio para a construción da *court tomb*, unha situación que entronca co tema da transformación da casa dos vivos na casa dos mortos do neolítico centroeuropeo (Cooney, 2000: 93). En La Velilla, pola súa banda, constatouse unha importante disimetría entre os materiais dos asentamentos, e mais os enxovais da tumba, nos que a cerámica estaba completamente ausente, pero os escavadores consideran que esta diferenza se debe non a unha ruptura cultural senón a unha especialización funcional, defendendo que a tumba foi construída polo mesmo grupo humano<sup>5</sup> (Delibes et al., 1997: 785-786). Finalmente, no caso de El Teso del Oro parece difícil defender a existencia dunha continuidade entre a ocupación e mais a construción do monumento, xa que os materiais arqueolóxicos relacionados con aquela estaban selados por unha capa de máis de 70 cm. de espesura de formación aluvial, sobre a que despois se levantou o túmulo.

En **Galicia** a presenza de espazos habitacionais anteriores ás tumbas restrínxese apenas á presenza de fogares, sen ningún tipo de material arqueolóxico asociado, baixo as mámoas nº 1 de As Rozas (Campo Lameiro, Pontevedra), e nº 1 de Chan da Cruz (Vilaboa, Pontevedra) (Suárez et al., 1998), aínda máis dúbidas en canto á súa interpretación cás estruturas similares localizadas no norte de Portugal, nos monumentos de Mina do Simão e mais Igrejinhás, esta vez si asociados a algúns restos cerámicos (citados en Fábregas e mais Suárez, 1999). Así e todo, e aínda que non é a única explicación verosímil, é posíbel que poidamos interpretar como restos de habitación desmantelados pola construción dos monumentos os abundantes restos de materiais que se localizaron no interior da masa tumularia de varios sepulcros, entre eles as cerámicas presentes nos propios de As Rozas 1 e mais Chan da Cruz 1, e no sepulcro de corredor da Arca da Barbanza (Boiro, A Coruña) (Criado et al., 1986), ou os restos de talla espaxados no interior da mámoa de Cruz de Bocelo 28 (Melide/Sobrado, A Coruña) (Criado e mais Vaquero, 1991). Recentemente, ademais, tense suxerido (Fábregas e mais Vilaseco, 2005) a posibilidade de que os espazos en que se construíron algúns monumentos, como Illade 0 (As Pontes, A Coruña), ou a Mamoa das Cabras (Amarante, Portugal) fosen lugares cunha significación especial de grande antigüidade, remontándose, por mor das datacións radiocarbónicas realizadas, aos momentos finais do epipaleolítico, en consonancia co que se ten sinalado para outros lugares do continente europeo. Por outra banda, mesmo é posíbel que a continuidade entre habitación e sepultura poida producirse en Galicia tamén en ambientes cavernícolas, xa que, no único caso escavado até a actualidade, a Pala da Vella en Biobra, Ourense, constatouse que a cova, logo de ser habitada durante un tempo nos séculos centrais do IV milenio

---

<sup>5</sup> As datacións radiocarbónicas realizadas son moi pouco definitorias, xa que a pesar de que a da tumba, obtida dun nivel avanzado de utilización do sepulcro, se distancia case 300 anos do nivel de ocupación máis recente, o alto desvío padrón de todas elas fainas practicamente coetáneas unha vez calibradas.



AC, é case inmediatamente convertida en lugar sepulcral, logo do cal non volverá a ser ocupada até momentos avanzados da Idade do Bronce (Fernández et al. 1996).

### **Estruturas rituais previas ao monumento**

Probabelmente, o caso máis coñecido da presenza de estruturas rituais na zona en que despois se construíron sepulcros megalíticos sexa o do conxunto formado polo túmulo de Er-Grah, o monumento de Table des Marchands e o Grand Menhir Brisé, na Bretaña francesa. O túmulo de Er-Grah é alongado, de 140 m. de longo, entre 16 e 26 m. de anchura e menos de 2 m. de altura, e baixo del localizáronse dúas estruturas moi antigas que foron interpretadas como claramente culturais: unha área de combustión subcircular de 0,8 m. de diámetro, recuberta con pequenas pedras, que aportou unha datación de entre o 5400 e mais o 5100 A.C.; e, a poucos metros dela, outra fosa que contiña os restos de dous bóvidos que tiñan sido desmembrados e parcialmente descarnados antes de seren enterrados. Estes animais, un macho e posibelmente unha femia, eran de grande talla, aínda próximos do auroc salvaxe, pero a súa anatomía indicaba que xa estaban domesticados. O sedimento superior desta última fosa foi datado entre o 4950 e mais o 4700 AC, pero é posíbel que o depósito dos bóvidos sexa anterior, case contemporáneo da fosa veciña<sup>6</sup>. No contorno do dolmen de corredor de Table des Marchands, situado a escasos metros do monumento anterior, localízanse, xunto a abundante material arqueolóxico, numerosas estruturas que indican a presenza dunha ocupación anterior á construción do monumento, entre elas buratos de poste, duns 20 cm. de diámetro, nos que non se atopa organización algunha, e mais seis fogares [Fig. 5A]. Pero ademais apareceron 16 grandes fosas que no seu día serviron de asentamento a senllas pedrafitas, aliñadas, nun eixo NNE-SSW, cara á base do Grand Menhir, que tamén é anterior á tumba. Diferentes vestixios de ortogneis atopados nas proximidades amosan a destrución destas pedrafitas, que seguramente foron reutilizadas, logo de adaptalas en tamaño, na construción do dolmen. As datacións obtidas para estes niveis oscilan entre fins do 5º e mediados do 4º milenio A.C. (Cassen e mais L'Helgouac'h, 1992: 224-225). Table des Marchands presenta aínda máis datos sobre a reutilización de estruturas rituais anteriores na construción do dolmen. De feito, a altura da cámara semella estar definida pola altura da lousa de cabeceira, que segundo os escavadores foi levantada nese emprazamento moito antes da construción da cámara á que despois foi incorporada (Cassen e mais L'Helgouac'h, 1992: 223). E, para rematar, a lousa de cuberta da cámara, cos seus famosos gravados, xunto coa lousa de cuberta de Gavrinis, un monumento situado a 5 km de distancia, formou parte

---

<sup>6</sup> A maior parte das informacións que aquí se recollen proveñen da páxina web: *Mégalithes du Morbihan*, <http://www.culture.gouv.fr/culture/arcnat/megalithes/index.html>, © Ministère de la culture et de la communication.

previamente dunha estela-menhir de preto de 14 m. de lonxitude, característica dos finais do V milenio AC, e da que o terceiro fragmento se cadra se atopa facendo de cubrición da cámara de Er-Grah. A estela debía seguramente integrarse, xunto co resto de pedrafitas localizadas, nun conxunto de monumentos públicos previos á Table des Marchands, e que foron parcialmente desmantelados cando se construíron as sepulturas<sup>7</sup>.

O caso anterior non é o único en que as tumbas se erixen sobre ou reutilizando estruturas rituais previas non necesariamente funerarias. Na Gran Bretaña diversos monumentos tipo Henge teñen evoluído até seren substituídos por cairns funerarios, sendo habitual que as transformacións se produzan unicamente no interior do recinto, conservándose intactas as súas estruturas de delimitación. Así e todo, hai exemplos que rompen esta norma, como o de Cairnpapple Hill (Escocia). Alí o monumento orixinario estaba formado por dous parapetos de terra con senllas gabias paralelas aos mesmos polo interior, que configuraban un espazo ovalado con dúas entradas. No seu interior sucedéronse dous conxuntos sucesivos, un deles, o máis antigo, de postes de madeira formando un semicírculo, e o outro completamente circular construído con pedras. No espazo central un conxunto de foxas contiñan cremacións humanas. Toda a estrutura foi transformada durante o Bronce Inicial, sucedéndose tres fases de reconstrución: coa primeira creouse, no interior do circo de pedras, un pequeno cairn con *Kerb* (anel basal de grandes pedras) asociado a unha inhumación con cerámica campaniforme; a isto seguiu a construción dun cairn moito máis grande con seixos, tamén con *Kerb*, e este aínda foi ampliado até que o monumento final ocupou a maior parte do interior do recinto orixinal, e mesmo se sobrepuxo parcialmente sobre unha das súas gabias [Fig. 5B]. Deste xeito, a forma orixinal do monumento tiña sido completamente transformada e era irrecoñecíbel, xa que as estruturas térreas previas tiñan sido parcialmente borradas pola construción dun gran túmulo funerario (Bradley, 1998: 139-144).

Noutros casos o carácter ritual das estruturas non é tan claro. En The Howe (Orkney, Escocia), un túmulo circular duns 25 m. de diámetro coa cámara esnaquizada por ocupacións posteriores, apareceron, ao leste do monumento, e practicamente aliñadas co seu corredor, as cimentacións de dúas estruturas anteriores. Eran senllas construcións cuadrangulares con cadanseu fogar de pedras dispostas a norte e sur dun estreito corredor [Fig. 6A]. Ambas foron demolidas e seladas con arxila antes da erección do túmulo posterior, e o único material localizado en relación con elas consistía nunha machada de pedra, e mais nun fragmento doutra, situadas entre a arxila que selaba a máis oriental (Davidson e mais Henshall, 1989: 176-177). E outras veces cabe pensar que o sagrado parte

---

<sup>7</sup> Algo similar ten proposto Eogan (1998) para o caso de Knowth e mais Newgrange, ao suxerir que antes da construción destes grandes túmulos debeu existir no val do río Boyne unha tumba megalítica cos chantos que a formaban decorados, chantos que despois serían reutilizados nas cámaras de aqueles monumentos.

en realidade do profano, xa que ambos aspectos son moi difíciles de separar nunha comunidade primitiva. Esta é a situación que parece atoparse en Millin Bay, Irlanda, onde unha parede de pedra que lembra aos muros neolíticos de parcelación de fincas como os de Céide, formaba o eixo dunha complexa secuencia de cerimoniais centradas na deposición de ósos humanos; tempo despois construíuse un túmulo oval sobre o lugar, pero a parede aínda se estendía por fóra do túmulo, ou mellor desaparecía e volvía a aparecer baixo este espazo sagrado, suxerindo así que tamén ela mesma era sagrada (Cooney, 2000: 49-50).

A presenza de estruturas rituais previas aos túmulos é completamente descoñecida para o **territorio galego**. Así e todo, nalgunha ocasión tense proposto a posibilidade de que algunhas lousas decoradas de orixe tumular poidan respostar a *estelas anteriores* aos monumentos, modificadas ou non para a súa inserción na nova construción, ao igual que sucede nalgúns casos da Bretaña francesa. Esta foi unha das posíbeis interpretacións que se deu á laxe dos Campiños (Rianxo, A Coruña), aparentemente inserida no destruído túmulo 1 da necrópole, tanto por mor do seu grande tamaño como polo feito de estar gravada nas súas dúas caras (Fuente e mais Fábregas, 1994). Recentemente apuntouse esta mesma hipótese para as lousas dalgúns grandes sepulcros de corredor gravadas co estraño motivo coñecido como «A Cousa» (Cassen e mais Vaquero, 2003), especialmente para o caso de Dombate, onde nalgunha das catro lousas que presentan o motivo os gravados se atopan situados de xeito que non foron executados desde o interior da cámara, senón previamente á instalación da lousa na posición actual, ao ficaren parcialmente tapados polas pedras veciñas. Segundo estes autores, os gravados atópanse vinculados á pedra sobre a que se realizaron, e non contribúen para nada á cohesión decorativa do interior, aínda máis se temos en conta que este estaría concibido, baseándonos nos vestixios localizados, para ser completamente recuberto de pinturas desde o momento mesmo da súa construción (Bello e mais Carrera, 1997: 822). Evidentemente esta é só unha hipótese de traballo, dado que non temos ningún indicio, até o momento, do lugar no que estarían emprazadas estas posíbeis estelas antes da súa incorporación á tumba. De feito, nada desbota que a gravación das lousas fose en realidade unha práctica realizada durante o proceso de construción da tumba, aínda que cómpre recoñecer que xorden serios reparos a esta interpretación ao ser unha circunstancia que unicamente afectou, aparentemente, a catro dos sete ortostatos que forman a cámara do monumento, e a ningún dos do corredor.

## O CONTORNO DOS MEGÁLITOS DURANTE AS FASES DE UTILIZACIÓN DOS SEPULCROS

Este tipo de utilizacións deberían ser máis abundantes cás anteriores, xa que o contorno dos monumentos tivo que ser frecuentado de forma recorrente, aínda que unicamente fose para realizar os sucesivos enterramentos cando os monu-

mentos eran de utilización múltiple e continuada. Así e todo, parecen menos frecuentes que os usos previas aos monumentos, se cadra por mor de problemas de conservación por fenómenos postdeposicionais. De feito, estes últimos consérvanse na maior parte dos casos precisamente baixo os túmulos dos sepulcros, desaparecendo ao exterior deles. Así e todo, e a pesar desta escaseza, consérvase unha maior variabilidade de usos dos espazos inmediatos aos monumentos.

### **Evidencias relacionadas co sistema de construción dos monumentos**

Xa se comentou máis enriba que a presenza de cachotes de ortogneis atopados preto das fosas localizadas no contorno de Table des Marchands, apunta á posibilidade de que unha fileira de pedrafitas teña sido transformada no lugar para seren reutilizadas como ortostatos do monumento megalítico. En Hazleton North [Fig. 3A], pola súa banda, a escavación por fóra dos límites do cairn permitiu localizar en toda a súa extensión as dúas canteiras de onde seguramente se extruxo a pedra necesaria para erixir o monumento, situadas unha a cada lado maior do túmulo, e que probabelmente ficaron á vista durante a época de utilización da tumba, se cadra como efecto monumentalizante (Saville, 1990: 23). Aínda que non é improbable que existan, non temos publicados casos relacionábeis con estes exemplos para Galicia<sup>8</sup>.

### **Áreas de actividade sen evidencias de ocupación permanente**

Baixo esta denominación agáchase a realización de actividades de calquera tipo no contorno dos monumentos, que non necesariamente implican a existencia de ritos ou ofrendas relacionadas cos defuntos enterrados no interior das tumbas. Así, por exemplo, en Inglaterra e Escocia é frecuente a aparición de ósos de animais nos arredores das tumbas (Whittle, 1996: 170), que si poden ser un indicio da existencia dalgún tipo de rito de agregación a carón dos monumentos (Criado et. al. 2000). Outras veces as evidencias localizadas poden ter unha múltiple explicación, desde ocupacións pouco estábeis até actividades rituais desenvolvidas no contorno dos monumentos. Esta situación foi a que se deu en Mané-er-Hroeg (ou H'roeck), na Bretaña francesa, onde a uns 80 m. ao norte do túmulo se localizaron dous fogares distantes uns 8 m. un do outro; tanto as estruturas, que son tipo de fosa, como os materiais localizados, non directamente asociados ás

---

<sup>8</sup>Obvio aquí intencionalmente os estudos relacionados coa fonte de abastecemento de materia prima para a execución dos ortostatos, que até o momento nunca se teñen estendido á busca das canteiras dos cachotes para a execución doutras partes do monumento, como o túmulo. Tamén cómpre recoñecer que en ocasións se teñen localizado buratos e canles preto da estrutura ortostática, que teñen sido interpretados como posibles pegadas de elementos construtivos (Rodríguez Casal, 1988: 31). Como xa se referiu de pasada, nin sequera as análises edafolóxicas practicadas, en xeral escasas, teñen sido orientadas a interpretar problemas arqueográficos sobre a construción do monumento.

lareiras, lembran aos documentados no conxunto de Er Grah – Table des Marchands, e unha das estruturas foi datada entre o 4300-4000 A.C. (Tivenez, 1992: 72-74). Pero polo de agora son indicios moi febles como para defender a presenza dunha ocupación permanente no lugar.

No **noroeste** o único caso publicado no que se documenta a presenza dunha área de actividade aparentemente «cotiá» é o de La Collá Cimera (Asturias occidental), no que se localizou unha abundante industria lítica ao exterior do mesmo relacionada co tratamento de peles máis que directamente co uso funerario do monumento (Blas, 1996), e que, polo de agora, resulta difícil avaliar como parte dun ritual celebrado nas súas inmediacións.

### **Restos de habitación coetáneos a algunha das fases de utilización do sepulcro**

Aínda que puidera parecer lóxico localizar a presenza deste tipo de restos, a súa aparición apenas ten sido sinalada, e practicamente nunca para as épocas máis antigas. Case parece como se, unha vez construída a tumba, o espazo inmediato ao seu carón que con anterioridade a ela puido ter sido ocupado até varias veces pola comunidade, pasa a converterse nun lugar sagrado que non é axeitado para a instalación dun poboado<sup>9</sup>. Esta situación parece mudar a finais do neolítico. Así, por exemplo, en Beaumont (Bretaña francesa) localizáronse restos (materiais e mais buratos de poste) dunha ocupación contemporánea a unha pequena sepultura de entrada lateral do neolítico final, situados a uns 40 m. ao sur desta (Tivenez, 1992: 74-76). En Irlanda, ademais, téñense localizado poboados campaniformes situados a carón de Knowth, Newgrange e Monknewtown (Eogan, 1986: 196-201), aínda que, como logo veremos, non sempre está claro que o monumento estea en uso cando se suceden estas ocupacións. En Knowth, por exemplo, a actividade campaniforme consiste en catro áreas onde aparecían sílex e mais cerámica, así como depósitos de ósos queimados, do que semella inferirse que tamén foi unha actividade doméstica, aínda que non se puideran reconstruír as plantas de casas (O'Kelly, 1989: 77).

Polo que respecta a **Galicia**, parece inmersa na mesma dinámica que se documenta no resto do continente europeo: ausencia de datos para os momentos máis antigos do fenómeno, nos milenios V e IV A.C., e testemuños cada vez máis frecuentes referidos a momentos avanzados do III milenio, cando fan a súa aparición as cerámicas campaniformes. É certo que se teñen localizado lugares con restos cerámicos en superficie de cronoloxía bastante antiga próximos aos túmulos, como o de Pena Martiña, nos Montes do Bocelo (Toques, A Coruña), desde o que se divisa un conxunto de tres túmulos entre os que se atopa o sepulcro

---

<sup>9</sup> Si existe algunha referencia á presenza de áreas de actividade no contorno dos túmulos das inmediacións do Báltico (citado en Criado, et al., 2000: 294), pero non se fai ningunha referencia á cronoloxía daquelas con respecto a estes.

de corredor do Forno dos Mouros (González, 1991); ou o de Rebordiños III (Ponteareas, Pontevedra), localizado nunha zona periférica moi próxima á necrópole tumular de Pedra do Mouro (Suárez et al., 1998); outros exemplos son Monte Espiño de Arriba e Monte Espiño de Abaixo (ambos en Soutomaior, Pontevedra), Porto dos Valos e Cartas de Vilar (Mos, Pontevedra) (Lima, 2000). Pero ningún deles se sitúa nas inmediacións das tumbas, senón un tanto afastados, aínda que en relación visual con eles, confirmando dalgunha maneira as teses expostas por Criado hai xa varios anos sobre o emprazamento dos poboados dos construtores de megálitos (1984/85).

Noutros casos os achados están xa nas proximidades dos monumentos, ou mesmo inmediatamente a carón deles, como os materiais arqueolóxicos recollidos no contorno da necrópole de Saídos das Rozas (Campolameiro, Pontevedra), dunha ampla cronoloxía que pode ir desde o Neolítico á Idade do Bronce, parte dos cales se recolleron no espazo situado entre dous túmulos (Villoch, 1995) ou o xacemento de Coto Cosel (Pazos de Borbén, Pontevedra), situado a menos de 10 m. dun par de túmulos (Lima, 2000). Pero o mellor documentado de todos eles é o de Entrepíñeiro (Mos), onde, nun solar situado entre dous túmulos separados entre si uns 60 m, se localizaron dous posíbeis pavimentos así como abundante material cerámico, entre eles vasos con decoración campaniforme (Vázquez, 1995 e 2000). Todos estes achados parecen responder a momentos avanzados do III milenio, ou mesmo a datas posteriores, como se nas fases finais do fenómeno megalítico se tivese producido algún tipo de cambio ritual e social que permitise a instalación das vivendas a carón das tumbas monumentais. Aínda que tamén seguen a situarse, entre outras zonas, en lugares máis afastados pero en relación visual con elas, como en Poza da Lagoa e mais Coto da Fenteira (Redondela, Pontevedra) (Fábregas, 2001)<sup>10</sup>.

### **Estruturas rituais contemporáneas ao monumento**

Existe todo un conxunto de estruturas de complicada definición vinculadas aos monumentos, agrupadas xeralmente baixo o termo de «*rituais*», pero que resultan difíciles de avaliar na súa significación orixinal. Poden ser de moi diverso tipo, como as gabias que flanquean os lados maiores dos túmulos alongados («long barrows») do sur de Inglaterra, o círculo de grandes pedras que rodea Newgrange, ou as fosas circulares que existen en Maes Howe (Orkney, Escocia) (Whittle, 1996: 170). Na Europa setentrional (Escandinavia meridional, parte de Holanda, Alemaña e Polonia), algunhas tumbas, ás veces asociadas e próximas unhas ás outras, están rodeadas de grandes delimitacións rectangulares ou trapezoidais, similares ás que se documentan nos poboados, que poden chegar a acadar até 150 m. de

---

<sup>10</sup> Cómpre aclarar que nesta análise unicamente se incluíron aqueles asentamentos situados nas proximidades de tumbas, existindo ademais outros moitos, antigos e serodios, con emprazamentos afastados delas.

lonxitude. Estes espazos poden conter sepulturas de diferentes tipos e mesmo, en ocasións, insírense no interior edificios dedicados ao culto, situados nas proximidades dunha ou varias sepulturas, auténticos templos de planta cuadrangular que conteñen vasos enteiros de formas moi específicas utilizados nas cerimoniais (Lichardus et. al., 1987: 283). Un destes edificios cultuais, denominados ás veces *casas mortuorias*, foi localizado en Tustrup (Dinamarca) nun cemiterio megalítico con tres tumbas, dúas delas dolmens de corredor e a terceira unha cámara hexagonal dentro dun túmulo circular. As tres tumbas estaban dispostas entre si ao xeito dun semicírculo, nun radio de 50 m. con centro na casa mortuoria. Esta estaba delimitada por tres paredes feitas de pedras definindo un espazo case cadrado de 5 x 5,5 m, aberto ao NE; as paredes eran de 0,5-1,5 m. de espesura, e careadas por fóra con laxas de 1 m. de altura, e no seu día estiveron completadas con fileiras de troncos de carballo. No seu interior, onde había pegadas dun posíbel poste central, soporte da cubrición do conxunto, recolléronse numerosos recipientes de cerámica en dous grupos, todos moi decorados, e que ademais son moi similares aos que apareceron no interior dos dolmens. A casa foi queimada axiña logo da súa construción, que parece datarse cara ao 3300-2900 AC (Kjærum, 1967) [Fig. 6B]. Así e todo, a pesar de que esta relación entre *casas mortuorias* e mais monumentos funerarios é clara nalgún casos, poñendo de manifesto a intencionalidade ritual que presentan, cómpre recoñecer que tamén se teñen localizado estruturas análogas illadas, sen estaren próximas a dolmens, polo que se cadra haxa que interpretalas máis ben como santuarios ou templos que como auténticas casas mortuorias, con finalidade funeraria (Becker, 1973)

En Gran Bretaña, pola súa banda, tense salientado a relación existente entre algúns túmulos funerarios e mais unha serie de estruturas coñecidas como «*cursus*», avenidas de quilómetros de longo formadas por dúas ou máis aliñacións de terra que presentan unha interpretación moi difícil. Aínda que en ocasións se asocian aos grandes círculos de terra como Avebury ou Stonehenge, constituíndo unha especie de avenida de acceso cara a eles, noutros moitos casos están vinculadas ás tumbas. Así, por exemplo, o *cursus* grande de Stonehenge, que se sitúa a 750 m. ao norte deste famoso monumento, ten unha anchura (distancia entre as liñas que o forman) de 100 m, e preto de 3 km de lonxitude, disposto de leste a oeste, e o seu límite leste está formado por un *long barrow* previo ao mesmo. Un segundo *cursus* preto deste ten unhas dimensións de 365 m. de longo por 46 de ancho, e ambos están rodeados por abundantes túmulos funerarios do neolítico final - Idade do Bronce [Fig. 7A]. O máis coñecido deste tipo de estruturas é o *Dorset Cursus*, de preto de 10,5 km de longo e unha anchura case constante de 92 m. [Fig. 7B]. En realidade o *cursus* foi alongado en dúas ocasións, xa que a 2,4 km do seu límite oeste se sitúan dous *long barrows*; unha delas, situada formando ángulo recto con respecto ás liñas de terra do *cursus*, era o destino orixinal deste. Aproximadamente á mesma distancia en dirección leste sitúase un claro terraplén cadrado que pecha o conxunto, con outras dúas *long barrows* preto del. Semella, daquela, que o trazado do *cursus* foi determinado pola presenza dos túmulos

alongados (Castleden, 1990: 133-134). Noutra orde de cousas, habería que facer mención de novo á zona en que se empraza o famosísimo monumento de *Stonehenge*, onde a presenza do grande conxunto ritual foi o que determinou o emprazamento dos numerosos túmulos funerarios da Idade do Bronce que se establecen no seu contorno, unha boa parte deles situados nos límites da súa cunca visual (p. ex., Bradley, 1998) [Fig. 7A].

A escavación dos grandes túmulos de Knowth e mais Newgrange, en Irlanda, ten aportado diversas estruturas encadrábeis baixo o concepto de *rituais*. No primeiro deles sinalase a presenza, xusto por fronte da entrada das dúas tumbas que acubilla, de varias estruturas circulares de pedra (*settings*), de 2 a 3 m. de diámetro, formando senllos arcos fronte a elas (Eogan, 1986: 46-48) [Fig. 8A]; ademais, xa no neolítico final, construíuse, a uns 12 m. ao leste da entrada da tumba leste, unha estrutura circular de 8,5 m. de diámetro con postes de madeira, interpretada polos escavadores como teitada e con entrada polo leste (Cooney, 2000: 81). En Newgrange, pola súa banda, tamén na primeira metade do terceiro milenio, cando o monumento semella ter entrado en decadencia, construíuse un grande recinto (*enclosure*) ao SE do túmulo, a base de círculos de postes de madeira e foxos, e outro máis pequeno de similares características ao oeste (Cooney, 2000: 31); ademais, tense sinalado a posíbel presenza dun *cursus* similar aos británicos, unha estrutura en forma de «U» duns 100 m. de longo por 20 de ancho (O'Kelly, 1989: 52). Na segunda metade do terceiro milenio parecen levantarse aínda un conxunto de fogares circulares por diante da entrada do corredor da tumba, así como o circo de grandes pedras dispostas en vertical que rodea o monumento.

A presenza de estruturas *rituais* no **noroeste** é practicamente nula até o momento. Unicamente poderíamos mencionar o posíbel *adro*, ou conxunto de seixos e mais outras pedras de pequeno tamaño, que se estende ao SE do túmulo 3 do Alto de San Cosme (Mos, Pontevedra), e que foi interpretado polos escavadores como un depósito intencional (Parcerro, 1998). Aínda que como é precisamente o SE a única zona que foi escavada de forma intensiva ao exterior do monumento, a súa interpretación como adro restrinxido a este cuadrante da tumba carece de moito valor [Fig. 8B]. Así e todo, cómpre sinalar o posíbel paralelo de Dombate, onde semellaba, pola aparición de materiais a profundidades similares, que o exterior da mámoa na zona da entrada (a SE) se configuraba como unha plataforma aproximadamente horizontal (Alonso e mais Bello, 1995), superficie de posíbel emprego ritual por parte dos usuarios do monumento.

Outro tipo de estruturas exteriores aos túmulos, como fosas ou buratos de poste, tampouco resulta frecuente. Aínda cabería citar un conxunto de 3 ou 4 lousas pousadas en horizontal que prolongaron un dos laterais da estrutura de acceso do túmulo nº 3 de Prado do Rei (Dumbría, A Coruña) por fóra da mámoa, até unila coa número 2 da mesma necrópole, un pequeno cairn situado apenas a 2 m. del (Lestón, 1992). Outro caso é o do pequeno murete de cachotería, de apenas 30-40 cm. de altura, que rodeaba polo sur á mámoa 3 de Pedra do Boi



(Dumbría, A Coruña), prolongándose aparentemente até abarcar dentro do mesmo recinto a mámoa nº 2 do mesmo conxunto (Lestón, 1993), e para o que xa existía un paralelo no «muriño, feito de pedras brutas, que debeu servir a maneira de zócalo, e diante do que corre aínda un foxo dun metro de ancho», disposto arredor dun túmulo de 38 m. de diámetro do Monte das Motas (Lobeira, Ourense) (López Cuevillas, 1923). Dentro dos elementos rituais habería que citar aínda as posíbeis pedrafitas coñecidas en Galicia, difíciles de situar cronoloxicamente na actualidade, pero que se adoitan situar na proximidade de túmulos. Entre elas existen dous casos salientábeis pola proximidade a monumentos funerarios: o da necrópole do Alto da Goia (Guntín, Lugo), onde unha das pedrafitas localizadas se sitúa apenas a 12 m. da base dunha das mámoas (Vázquez, 1943); e mais o de Pedra Chantada (Vilalba, Lugo), moi próxima a un grupo de varios túmulos, un deles a menos de 50 m. (Ramil, 1995). Un caso similar é o dos petróglifos do grupo galaico que se sitúan a pouca distancia de mámoas, e dos que o exemplo máis espectacular era o grande penedo situado a uns 75 m. ao oeste do dolmen Axeitos, que presentaba, en tres das súas caras verticais, catro figuras de animais, probabelmente cápridos (Bouza, 1927), pero que desgraciadamente foi destruído nos anos 40 do século XX.

### **Prácticas funerarias exteriores aos monumentos**

Cando o contorno dos monumentos se converte en foco dunha importante actividade secundaria de carácter ritual, en ocasións documéntanse prácticas funerarias exteriores aos monumentos. Poden ser de diverso tipo, aínda que o máis frecuente é a presenza de fosas de inhumación (Whittle, 1996). Como exemplos pódese citar o caso do túmulo de Durrington Down (no contorno de Stonehenge), no que se localizaron tres foxas escavadas no substrato nunha área inmediata ao túmulo, unha delas contendo unha inhumación e outra con tres cremacións (Richards, 1990: 172-175) [Fig. 1A]. Ao exterior da tumba de corredor de Vroue Hede (Dinamarca) [Fig. 9A] atopouse un grande número de tumbas a ras de solo, en forma de escavacións da lonxitude dun corpo humano, dispostas en parellas e en fileira. E aínda que estas sepulturas exteriores respostan a época campaniforme, varios séculos despois de que cesase o culto na tumba, realizáronse tamén achados desta época no túmulo do monumento, o que indicaba que as sepulturas de corredor e os seus arredores eran aínda daquela empregadas como áreas de culto e enterramento (Kaelas, 1981: 85).

Para o caso do **Noroeste**, o único exemplo que foi sinalado como unha posíbel tumba non monumental é o dunha fosa escavada no xabre localizada nas inmediacións dos túmulos de Outeiro de Gregos (Baião, Porto) (Jorge, 1980), isto a pesar da ausencia de variacións do fósforo na terra que a enchía con respecto á dos arredores (Madeira e mais Medina, 1980), o que se non invalida a posibilidade de ser unha sepultura, si supón un importante argumento en contra a citar. Así e todo, nalgunha ocasión tense proposto, probabelmente sen demasia-

da base, que a pesar da abundancia de mámoas, en realidade os enterramentos baixo túmulo debían ser excepcionais, mentres a maioría dos cadáveres se depositarían en tumbas non monumentais, e xa que logo menos visíbeis no rexistro arqueolóxico, aínda máis por mor da alta acidez dos solos do NW Ibérico (Jorge, 1992: 467).

## **DESPOIS DO ABANDONO: OS SEPULCROS COMO FOCO DE ATRACCIÓN LOGO DO SEU PECHÉ**

O desenvolvemento de actividades domésticas ou doutro tipo a carón de monumentos megalíticos, unha vez que estes se atopan pechos, parece ser tamén algo frecuente en diversos puntos de Europa, actos entre os que habería que incluír tamén a reutilización dos propios monumentos con fins funerarios, pero que quedan fóra do marco deste artigo. Os casos mellor estudados son sen lugar a dúbidas os das tumbas irlandesas de Knowth e mais Newgrange, que polo seu grande tamaño seguiron a chamar a atención dos habitantes da zona moito tempo despois do seu peche, sendo utilizados como punto de emprazamento de diversas construcións. Xa se comentou no apartado anterior que aínda eran foco de atracción ritual no neolítico final, a partir do 2900 AC, e durante o campaniforme, cara ao 2500 AC (Cooney, 2000: 31). Cando se desenvolve a actividade doméstica campaniforme en Newgrange os laterais do cairn xa se derrubaran, e as pedras e capas de turba coas que estaba feito o monumento espárexáranse polo redor e sobre o círculo lítico (kerb) que o rodea, situado a unha distancia inicial de 4-7 m. da base deste, e algunhas capas mesmo chegaron máis lonxe. A actividade doméstica sitúase sobre esta capa de material derrubado, e non parece estar conectada co monumento, aínda que semella ser aínda moi respectuosa con el; de feito, non hai intentos de alteralo, polo que o sepulcro parece gardar aínda algún significado para esas xentes. O asentamento consistía nunha serie de pisos de habitación, de planta rectangular, dun metro de longo por medio de ancho, delimitados por pedras coidadosamente dispostas, e cada un cunha lareira no seu centro. Non foi posíbel reconstruír as plantas destas casas. Cada piso tiña numerosos postes e foxos, fragmentos de cerámica e sílex, así como grande cantidade de refugallos de comida, principalmente ósos de animais, tanto de gando doméstico como, en menor medida, caza (O'Kelly, 1989: 72-73).

En Knowth a ocupación campaniforme semella ser tamén moi respectuosa coa tumba, pero aquí parece estar aínda relacionada con ela, ou, canda menos, parece convivir parcialmente coa estrutura de madeira que se construíu fronte á entrada da tumba leste. O monumento, así e todo, foi foco de atracción en datas moi posteriores, momentos en que as distintas comunidades que o ocuparon procederon a alteralo por completo, o que significa que xa se perdera a memoria do seu carácter sagrado. A primeira ocupación agresiva corresponde coa Idade do Ferro, cando se escavaron dúas grandes gabias concéntricas arredor do túmulo,

que danaron as entradas das dúas tumbas que acubilla o monumento, pero tamén ocultaron, coas terras extraídas, o *kerb* de grandes pedras que o rodea, o que favoreceu a súa conservación até a actualidade (Eogan, 1986). Ademais, no contorno inmediato da grande tumba localizáronse unhas tres dúcias de enterramentos desta época; consistían en foxas escavadas no subsolo cos corpos depositados maioritariamente en posicións flexionadas e acompañados con ofrendas (O'Kelly, 1989: 333-334). O monumento seguiu a ser foco de atracción en datas posteriores, como a comezos do período cristián, cando se produciu unha ocupación que inclúe casas rectangulares, pavimentos e mais fogares, así como unha serie de túneles de pedras, clasificados como «subterráneos» que puideron funcionar como almacéns. Posteriormente, os normandos construíron unha fortificación no cumio do túmulo, e aínda hai un novo asentamento no século XVII, situado ao SE do monumento, consistente nunha vivenda rectangular, así como noutras estruturas secundarias tamén rectangulares<sup>11</sup>.

Os casos de Knowth e mais Newgrange poden semellar excepcionais, dado que, polo seu grande tamaño, poden ter favorecido o desenvolvemento de ocupacións que en realidade buscaban a protección dos seus volumes ou as magníficas condicións de defensa que ofrecen os seus cumios, e non unha proximidade a un elemento que consideraban sagrado. Así e todo, non son exemplos únicos, e a presenza de asentamentos moi separados no tempo tamén se ten sinalado para outros monumentos. Entre eles poderíamos citar as dúas casas circulares que alteraron, respectivamente, a zona oriental do túmulo de Quanterness [Fig. 9B] e mais a cámara de The Howe, ambos en Orkney, Escocia (Davidson e mais Henshall, 1989: 150-152; 176-177); ou o solo de ocupación de época galo-romana que se desenvolve a carón de Table des Marchands, en Bretaña (Cassen e mais L'Helgouac'h, 1992).

No **caso galego** tamén se teñen atopado evidencias de *reutilización dos monumentos en datas considerabelmente posteriores ao seu peche*, aínda que nos dous casos publicados até o momento se trata, igual que en Knowth, da reutilización do propio monumento máis que do seu contorno. Un deles é o caso da Medorra de Fanegas (Sobrado dos Monxes, A Coruña), sobre a que se construíu en época romana unha torre de vixilancia vinculada ao campamento de Cidadela (Caamaño e mais Criado, 1991/92). O outro é o da mámoa nº 5 de Cotogrande (Vigo, Pontevedra), no que se localizou un fondo de cabana de forma circular, con varios buratos de poste e mais un conxunto de pedras planas pousadas en horizontal que semellan conformar un posíbel enlousado, pegado á zona occidental do túmulo, estrutura polo de agora de cronoloxía indefinida (Abad, 2000: 83).

---

<sup>11</sup> As informacións sobre estas ocupacións serodías en Knowth tiráronse dos resúmenes das últimas intervencións realizadas no monumento, redactados por G. Eogan e mais H. Roche, e recollidos na páxina web: *Database of Irish excavation reports*: <http://www.excavations.ie> © Department of the Environment, Heritage and Local Government, Ireland and the Department of the Environment, Northern Ireland.

## **PERSPECTIVAS. O CASO DOS DOLMENS DE DOMBATE E MAIS AXEITOS**

Aínda que os exemplos que existen até a actualidade son escasos, parece claro que o NW peninsular, e Galicia dentro del, semella inmerso en dinámicas similares ás que se ve sometido boa parte do continente europeo en canto á utilización do contorno inmediato dos monumentos megalíticos funerarios, e isto mesmo a pesar da grande variabilidade que amosan estas construcións en todo o territorio. Así, algúns túmulos constrúense sobre evidencias anteriores, en xeral áreas de ocupación moi endébeis, se cadra froito da grande mobilidade que semellan presentar as comunidades neolíticas. E pese a non se coñeceren até o momento, tampouco podemos descartar a posíbel presenza de estruturas rituais previas. Unha vez construída a tumba, cando menos nas fases máis antigas do fenómeno, o espazo máis inmediato á mesma semella converterse nunha área sagrada que non é axeitada para a instalación dun poboado, ficando como moito a unha certa distancia pero dentro da súa cunca visual. Esta situación só parece mudar a finais do III milenio AC, cando fai a súa aparición no territorio a cerámica campaniforme, momento a partir do cal volvemos a ter evidencias de asentamentos ou ocupacións nas proximidades dos monumentos. Ningún destes xacementos ten sido escavado en área até a actualidade, polo que, en contra do que propoñen Criado et al. (2000), non podemos definir o grao de estabilidade dos mesmos e, xa que logo, resulta difícil defender que se trata de ocupacións para actividades de carácter ritual. Con respecto á presenza doutro tipo de estruturas, funerarias ou rituais, no contorno dos túmulos galaicos, igual que a reutilización deses espazos en datas moi posteriores ao peche dos monumentos, as evidencias son moi parcas. Unha situación en xeral achacábel á escasa extensión alén do límite do túmulo que tiveron a maior parte das intervencións arqueolóxicas realizadas até hoxe, se ben é certo que existen certos indicios que poden permitir presupoñer a súa existencia.

A situación exposta pon de manifesto a necesidade de estender a escavación arqueolóxica dos túmulos alén do seu límite visíbel, algo practicado unicamente até a actualidade en casos moi contados, e para iso concentrándose unicamente nun sector (o SE), o único para o que se presume localizar evidencias de utilización ritual das tumbas. Ademais de que isto último é un apriorismo negativo para a investigación arqueolóxica<sup>12</sup>, mesmo é factíbel que a distancias relativamente afastadas do contorno do monumento se teñan desenvolvido en épocas prehistóricas actividades de todo tipo, con anterioridade á súa construción, pero, sobre todo, durante a súa construción e utilización, ao transformase en eventuais lugares

---

<sup>12</sup> Desde o meu punto de vista, unicamente a escavación integral do contorno do monumento pode levar a defender unha utilización ritual do SE, contra o que sucedeu, por exemplo, no caso de San Cosme 3, onde se interpreta así este sector que, casualmente, é o único escavado en área ao exterior do sepulcro.

de agregación social e celebración de rituais (Criado et al., 2000). Pero, hipoteticamente, e en contra do que defenden estes autores, non é preciso que se produza un «asentamento» da comunidade a carón do túmulo durante unha parte do ano para que se cheguen a xerar actividades de carácter ritual que deixen pegadas no rexistro arqueolóxico. Estas poden ser apenas episódicas, sen implicar necesariamente a habitación a carón da tumba.

Afortunadamente, o desenvolvemento da arqueoloxía de intervención nos últimos anos está permitindo a realización de sondaxes e controis arqueolóxicos en zonas próximas a túmulos, se ben os resultados da maioría desas actuacións, sexan cales sexan, permanecen inéditos<sup>13</sup>. En datas recentes senllas obras de acondicionamento levadas a cabo no contorno dos dolmens de corredor de Dombate (Cabana de Bergantiños) e mais Axeitos (Ribeira) por parte da Deputación Provincial da Coruña, propietaria de ambos os monumentos, ténennos permitido facer un achegamento ao contorno arqueolóxico destas construcións. Ambas as dúas corresponden a dolmens de corredor, un tipo de monumento que vén sendo particularizado nos últimos anos dentro do fenómeno megalítico noroccidental como centros dunha maior importancia e carga ritual cós restantes túmulos, polo que cabería atopar utilizacións no seu contorno máis intensas que noutros monumentos (Bello e mais Peña, 1995). Aínda que cómpre recoñecer que dita consideración se fundamenta unicamente no seu maior tamaño, así como na presenza de restos de pinturas no seu interior, e no dilatado período de tempo en que parecen estar en uso algúns deles, como o de Dombate, as actuacións previstas en ambos os monumentos ían permitir achegarnos por primeira vez á utilización do espazo inmediato a un grande sepulcro de corredor durante a prehistoria, ante a posibilidade de que no seu contorno se tivesen desenvolvido ocupacións ou utilizacións esporádicas ou estábeis, de xentes «anteriores, contemporáneas ou inmediatamente posteriores aos construtores» e usuarios dos monumentos.. E os poucos resultados proporcionados en ambos os casos poden servir como exemplo do limitado da información que unha actuación deste tipo nos pode chegar a ofrecer<sup>14</sup>.

As actuacións consistiron, logo da compra dos terreos lindeiros coas propiedades provinciais, na demolición do murete que rodeaba cada monumento, construídos en 1984 parcialmente sobre os túmulos dos sepulcros, e na construción dun novo cerre sobre o conxunto das dúas novas parcelas, sempre a grande distancia

---

<sup>13</sup> Probablemente o caso máis espectacular que se coñece até agora é o atopado e escavado no verán de 2005 en *A Gándara* (San Xoán de Vilanova, Miño, A Coruña). Neste sitio localizáronse varias cabanas sepultadas baixo un túmulo, así como outras moitas espaxadas polas súas proximidades, mesmo a unha distancia considerábel [F. Méndez, comunicación persoal].

<sup>14</sup> A intervención arqueolóxica en Dombate foi dirixida polo arqueólogo Ángel Concheiro Coello, mentres que o autor do presente artigo foi o arqueólogo do equipo técnico (Vilaseco, 2002). A de Axeitos foi dirixida polo que subscribe (Vilaseco, e. p.). Ambas foron financiadas integramente pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, promotora das actuacións, estando ambos os arqueólogos citados baixo contrato desta administración.

do límite do xacemento. En paralelo á actuación arquitectónica desenvolveuse unha actividade de control arqueolóxico das remocións de terras necesarias para a execución do novo muro. Pero, dado que a remoción a practicar ía ser moi escasa en ambos os casos (apenas unha gabia de 50 cm. de anchura por 50 cm. de profundidade co fin de cimentar os novos cerres), decidiuse acompañar dito control coa realización dunha serie de sondaxes arqueolóxicas previas, de 2 x 2 m, todas elas dispostas no espazo en que se pretendían construír aqueles. En ningún dos dous casos se tiña rexistrado previamente calquera resto ou achado casual de materiais arqueolóxicos nas fincas situadas no contorno inmediato dos monumentos, que permitise supoñer a existencia de restos arqueolóxicos nas proximidades, a pesar de que boa parte das mesmas estaban ocupados por terreos destinados tradicionalmente ao cultivo<sup>15</sup>.

En Dombate [Fig. 10] as remocións practicadas foron completamente estériles en canto a material arqueolóxico, pero en dúas das catas foron localizadas e intervidas parte de dúas fosas escavadas no xabre. Trátase de rebaixes de perfil cóncavo, aínda que coas paredes tendentes a verticais, encheitas por uns niveis de terra claramente diferenciados do solo de cultivo que forma o conxunto da parcela. Unha delas era unha fosa alongada en sentido N-S, de 25 cm. de fondo con respecto ao xabre do contorno e cunhas dimensións mínimas de 70-80 cm. de anchura por 210 cm. de lonxitude, continuándose fóra dos límites da cata en sentido leste e sur. Presenta o seu borde interno con respecto ao monumento megalítico, o oeste, a uns 44 m. ao NE do límite do seu túmulo. Imposíbel de definir en planta, cómpre esperar para ela unha certa regularidade, tal e como se documentou na parte escavada, tomando a forma dunha fosa subcuadrangular coas esquinas redondeadas, alongada, ou mesmo en arco de círculo. Da outra documentouse unicamente un cuarto de círculo duns 40 cm. de diámetro, e unha profundidade máxima duns 26 cm. con respecto á cota do xabre no seu contorno, continuándose tamén fóra dos límites da cata a leste e sur. Presentaba varios niveis de recheo no seu interior, o máis superficial dos cales pode ter sido orixinado parcialmente pola acción do lume. O seu borde máis exterior con respecto á base do túmulo do monumento sitúase a uns 33 m. ao oeste. Intentar especular sobre a súa posible forma en planta non deixan de ser meras hipóteses, podendo tratarse tanto dunha pequena escavación circular como dunha fosa de grandes características similar á outra localizada, á que se asemella bastante tanto no perfil como na profundidade máxima acadada, aínda que non nos depósitos que lle serven de recheo.

Ante a ausencia de materiais en ambas as fosas, e o exíguo da área intervida, resulta difícil realizar unha valoración das mesmas. Polo de agora non se pode

---

<sup>15</sup>Para o caso de Axeitos contabamos coa recollida superficial dun seixo con trazos antropomórficos, pero o seu achado hai que vinculalo case seguramente co propio monumento (Fuente e mais Fábregas, 1988/89; Vilaseco, 2004). Na última das obras citadas pódese consultar tamén unha explicación máis detallada sobre a actuación desenvolvida recentemente no contorno deste monumento.

descartar unha orixe recente, froito das prácticas de cultivo intensivo a que foron sometidas as fincas até o momento da súa adquisición por parte da Deputación Provincial da Coruña. Sen embargo, tampouco é de rexeitar para as mesmas unha orixe prehistórica, mostra de posíbeis ocupacións, rituais ou non, do espazo próximo ao sepulcro durante algunha das fases de utilización do monumento. De feito existe a posibilidade, máis que suxerinte, de que na práctica ambas as fosas formen parte dunha mesma estrutura máis ou menos concéntrica ao monumento megalítico, se cadra un conxunto de fosas alternas que, formando un círculo arredor do mesmo, limiten o seu recinto, unha especie de fronteira entre o espazo profano e mais o sepulcral que se desenvolve ao interior do mesmo. Unha posibilidade aínda máis interesante se consideramos que ambas as fosas están practicamente á mesma distancia (43/44 m) da periferia do túmulo do pequeno monumento sepultado polo grande sepulcro de corredor (ver p. ex. Bello e mais Peña, 1995). Pero estas hipóteses non deixan de ser máis que meras especulacións que haberán de comprobar escavacións futuras.

O caso de Axeitos foi aínda máis frustrante, xa que en todas as remocións practicadas non se localizou ningún tipo de material ou estrutura de aspecto antigo, constituíndo as poucas fosas localizadas elementos relacionados máis ben co cultivo das fincas en datas relativamente recentes. E os escasos materiais localizados, fundamentalmente en superficie, semellan relacionarse directamente co uso do sepulcro. Así e todo, a uns 12 m. de distancia do límite SE do túmulo do monumento localizouse unha lasca grande de cuarzo con tres escotaduras. A súa presenza apunta a posibilidade de que durante as fases de utilización do mesmo se practicase a talla da pedra no contorno do dolmen, por fronte á entrada ao sepulcro, constituíndose así nunha área de actividade para a fabricación de certos utensilios necesarios durante as cerimoniais alí levadas a cabo, ou mesmo que a peza fose un elemento envolteito nalgunha das actividades rituais que alí se levasen a cabo. Así e todo, esta afirmación debe considerarse como unha mera hipótese de traballo, xa que a peza foi localizada apenas a uns 15-20 cm. de profundidade, nunha zona moi alterada polo cultivo intensivo das fincas, e non podemos descartar que se atope moi desprazada do lugar orixinario de deposición. Mesmo podería tratarse dunha das ofrendas realizadas sobre o túmulo e movida máis de 12 m. como consecuencia da desmantelación dunha parte do mesmo por mor do cultivo.

Intervencións como as realizadas no contorno de Dombate e mais Axeitos poñen de manifesto as dificultades que presenta localizar eventuais usos do contorno dos monumentos megalíticos, tanto polas propias características das estruturas e materiais que en principio podemos esperar localizar, como por mor dos procesos postdeposicionais a que se viron sometidos<sup>16</sup>, ou mesmo polo

---

<sup>16</sup>Na actuación levada a cabo en A Gándara, referida anteriormente na nota, as estruturas exteriores ao túmulo foron localizadas de xeito casual mediante a realización dunhas gabias de sondaxe con

limitado das intervencións arqueolóxicas realizadas. Ante esta realidade tan difusa e fuxidía faise necesario o desenvolvemento de estratexias de actuación axeitadas, mediante a apertura de grandes áreas no contorno dos monumentos, mesturando unha estratexia de sondaxes na busca de materiais arqueolóxicos e mais a escavación de toda a superficie até o xabre co fin de avaliar en planta a presenza de eventuais estruturas.

---

máquina. Estas puxeron ao descuberto certa cantidade de material romano en dúas foxas escavadas no xabre, que propiciaron a apertura dunha grande superficie en área onde se localizaron as cabanas prehistóricas. E aínda que unha destas fora cortada parcialmente por unha das gabias realizadas previamente, a escasa profundidade da estrutura, apenas 5-10 cm. escavados no xabre, así como a ausencia de material, non permitían a súa identificación en perfil. Ao mesmo tempo, o material arqueolóxico era moi escaso en todas elas, probablemente por mor dos procesos postdeposicionais a que estivo sometida a zona, agás precisamente na área que estaba sepultada polo túmulo, onde era abundantísimo [F. Méndez, comunicación persoal].



## BIBLIOGRAFÍA

- ABAD GALLEGO, X.C. (2000). «Actuaciones arqueológicas en la necrópolis tumular de Cotogrande (Cabral – Vigo). Campañas 1989-1992». *Brigantium*, 12, pp.75-84.
- ALONSO MATTHÍAS, F.; BELLO DIÉGUEZ, J.M. (1995). «Aportaciones del dólmen de Dombate al megalitismo noroccidental: dataciones de carbono 14 y su contexto arqueológico». In *1º Congresso de Arqueologia Peninsular (Porto, 1993). Actas VII. Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 35 (3), pp. 153-18.
- BECKER, C. J. (1973). «Problems of the megalithic «mortuary houses» in Denmark». En Daniel, G. E.; Kjaerum, P. J. (ed.) *Megalithic graves and ritual: papers presented at the III Atlantic Colloquium, Moesgård (1969)*, Copenague, pp. 75-79.
- BELLO DIÉGUEZ, J. M.; CARRERA RAMÍREZ, F. (1997). «Las pinturas del monumento megalítico de Dombate: estilo, técnica y composición». In A. A. Rodríguez Casal (ed.) *Actas do Coloquio Internacional O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo» (Santiago de Compostela, 1996)*. Santiago de Compostela, pp. 819-828.
- BELLO DIÉGUEZ, J. M.; PEÑA SANTOS, A. de la (1995). *Historia de Galicia. Tomo I. Galicia na Prehistoria*. A Coruña: Via Láctea.
- BLAS CORTINA, M. A. de (1996) «Espacio funerario – espacio económico: las sugerencias del registro arqueológico en el entorno de un dolmen de montaña». In *Humanitas. Estudos en homenaxe ao Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*. Santiago de Compostela, vol. I, pp. 125-150.
- BOUZA BREY, F. (1927). «Estazóns Prehistóricas da ría de Arousa. Anta e penedo grabado de Oleiros». *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos I*, pp. 21-29.
- BRADLEY, R. (1998). *The significance of monuments*. Londres.
- BRADLEY, R. (2000). *The good stones. A new investigation of the Clava cairns*. Edimburgo.
- CAAMAÑO GESTO, J. M.; CRIADO BOADO, F. (1991/92). «La medorra de Fanegas (Sobrado dos Monxes, Coruña). Un monumento megalítico reutilizado en época romana». *Brigantium* 7, pp. 7-89.
- CASSEN, S.; L'HELGOUAC'H, J. (1992). «Du symbole de la crose: Chronologie, répartition et interprétation». *Paysans et bâtisseurs. L'émergence du Néolithique atlantique et les origines du Mégalithisme. Actes du 17ème Colloque interrégional sur le Néolithique, Vannes 1990. Revue Archéologique de l'Ouest. Supplément n° 5*. Rennes, p. 223-235.
- CASSEN, S.; VAQUERO LASTRES, J. (2003) «Cosas fabulosas». In V. S. GONÇALVES (ed.) *Muita gente, poucas antas? Origens, espaços e contextos do Megalitismo. Actas do II Colóquio Internacional sobre Megalitismo (Reguengos de Monsaraz, 2000)*. Lisboa, pp. 449-508.
- CASTLEDEN, R. (1990). *The Stonehenge people. An exploration of life in Neolithic Britain 4700-2000 BC*. Londres.
- COONEY, G. (2000). *Landscapes of Neolithic Ireland*. Londres.
- CRIADO BOADO, F. (1984/85). «El «tercer factor» o la lógica oculta del emplazamiento de los túmulos megalíticos gallegos». *Cuadernos de Estudios Gallegos* 100, pp. 7-18.
- CRIADO BOADO, F.; AIRA RODRÍGUES, M.ª J.; DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. (1986). *La construcción del paisaje: megalitismo y ecología en la sierra de Barbanza*. Santiago.

- CRIADO BOADO, F.; GIANOTTI GARCÍA, C.; VILLOCH VÁZQUEZ, V. (2000). «Los túmulos como asentamientos». En Jorge, V. O. (coord.). *Actas do 3º congresso de arqueologia peninsular. Vol. III. Neolitização e megalitismo da península Ibérica*. Porto, p. 289-302.
- CRIADO BOADO, F.; VAQUERO LASTRES, J. (1991). «Actuación: O fenómeno tumular: Excavacións en mámoas». In *Arqueoloxía-Infomes 2. Campaña 1988*. [Imp. A Coruña], pp. 111-116.
- DAVIDSON, J. L.; HENSHALL, A. S. (1989). *The chambered cairns of Orkney*. Edinburgh.
- DELIBES DE CASTRO, G.; BENET JORDANA, N.; PÉREZ MARTÍN, R.; ZAPATERO MAGDALENO, P. (1997). «De la tumba dolménica como referente territorial, al poblado estable: notas sobre el hábitat y las formas de vida de las comunidades megalíticas de la submeseta norte». In RODRÍGUEZ CASAL, A. A., (ed.) *Actas do Coloquio Internacional O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo* (Santiago de Compostela, 1996). Santiago de Compostela, pp. 779-808.
- DRON, J.L.; SAN JUAN, G. (1992). «Ernes-Condé-sur-Iffs (Calvados): Habitat puis necropole au Néolithique moyen. Présentation liminaire». En *Paysans et bâtisseurs. L'émergence du Néolithique atlantique et les origines du Mégalithisme. Actes du 17ème Colloque interrégional sur le Néolithique, Vannes 1990. Revue Archéologique de l'Ouest. Supplément nº 5*. Rennes, p. 31-42
- EOGAN, G. (1986). *Knowth and the passage-tombs of Ireland*. Londres, Thames and Hudson.
- EOGAN, G. (1998). «Knowth before Knowth». *Antiquity* 72 (275), p. 162-172.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (2001). *Los petroglifos y su contexto. Un ejemplo de la Galicia meridional*. Vigo.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; SUÁREZ OTERO, J. (1999). «El proceso de neolitización en Galicia». *II Congrès del Neolític a la Península Ibérica. Saguntum-Plav. Extra-2*, pp. 541-548.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (2004), «El megalitismo gallego a inicios del siglo XXI». *Mainake* XXVI, pp. 63-87.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.; VILLAR QUINTEIRO, R.; VARELA, P.; REY, J. M.; ELORZA, M. (1996). «Primeros datos cronológicos y paleontológicos del yacimiento de Pala da Vella (Biobra, Ourense)». In RAMIL REGO, P.; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.; RODRÍGUEZ GUITIÁN, M. (coord.). *Biogeografía Pleistocena - Holocena de la Península Ibérica*. Santiago de Compostela, pp. 249-260.
- FUENTE ANDRÉS, F. de la; FÁBREGAS VALCARCE, R. (1988/89). Nota sobre un ídolo megalítico de Galicia. *Ars Praehistórica* 7/8, pp. 233-237.
- FUENTE ANDRÉS, F. de la; FÁBREGAS VALCARCE, R. (1994). «La laja decorada de Os Campiños». In *Actas do Seminário «O megalitismo no centro de Portugal» (Mangualde, 1992). Estudos Pré-Históricos* II, pp. 305-310.
- GONZÁLEZ MÉNDEZ, M. (1991). «Yacimientos del III milenio a.C.: entre la problemática del calcolítico y un pasado huidizo». In CRIADO BOADO, F. (dir.) *Arqueología del paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. Santiago de Compostela, pp. 147-172.
- JORGE, V. O. (1980). «Nótula sobre a fossa aberta no saibro de Outeiro de Gregos (Serra de Aboboreira, Baião)». *Arqueologia* 1, pp. 19-24.
- JORGE, V. O. (1986). «Monumentalização e «necropolização» no megalitismo europeu. *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*. XXVI (1-4), pp. 233-237.

- JORGE, V. O. (1992) «As mamoas funerárias do Norte de Portugal (do neolítico à Idade do Bronze Antigo) como elementos indicadores de uma progressiva complexidade social: esboço preliminar da questão». *Revista da Faculdade de Letras da Universidade do Porto – História*. II série. IX, pp. 463-480.
- KAELAS, L. (1981). «Megaliths in Germany and Scandinavia». En Renfrew, C. (ed.) *The megalithic monuments of Western Europe*. Londres, p. 77-91.
- KJØRUM, P. (1967). «Mortuary houses and funeral rites in Denmark». *Antiquity* 41 (163). Reeditado en: T. Darvill; C. Malone. 2003. *Megaliths from Antiquity*. York.
- LESTÓN GÓMEZ, M. (1992). *Informe valorativo da escavación das mámoas nº 1, 2, 3 de Prado do rei (Dumbría, A Coruña)*. Informe valorativo inédito depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- LESTÓN GÓMEZ, M. (1993). *Informe valorativo da escavación da mámoa nº 3 de Pedra do Boi (Dumbría, A Coruña)*. Informe valorativo inédito depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- LICHARDUS, J.; LICHARDUS-ITTEN, M.; BAILLOUD, G.; CAUVIN, J. (1987). *La Protohistoria de Europa. El neolítico y el calcolítico*. Barcelona.
- LIMA OLIVEIRA, E. (2000) *La arqueología en la gasificación de Galicia 12: Intervenciones en yacimientos prehistóricos*. Santiago de Compostela.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1923). «Os dólmenes do Monte das Motas en Lobeira». *Nós* 18, pp. 18-21.
- MADEIRA, M. A. VALERIANO; MEDINA, J. M. BETTENCOURT. (1980). «Caracterização do perfil pedológico observado na fossa de Outeiro de Gregos (Serra de Aboboreira)». *Arqueologia* 1, pp. 20-24 (Apêndice a Jorge, 1980).
- O'KELLY, M. (1989). *Early Ireland. An introduction to Irish Prehistory*. Cambridge.
- PALOMINO LÁZARO, A. L.; ROJO GUERRA, M. A. (1997). «Un nuevo yacimiento neolítico de habitación infratumular: «El Teso del Oro», en San Martín de Valderaduey (Zamora)». In BALBÍN BEHRMANN, R. de; BUENO RAMÍREZ, P. *II Congreso de Arqueología Peninsular. Tomo II – Neolítico, Calcolítico y Bronce*. Zamora, pp. 249-256.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1998). *La arqueología de la gasificación de Galicia 3. Excavación del túmulo nº 3 del Alto de San Cosme*. Santiago de Compostela.
- RAMIL REGO, E. (1995). «El área megalítica de Pedra Chantada y su relación con el medio natural». *Portugália, Nova Série*, XVI, p. 5-30.
- RAMIL REGO, E. (1996). «El fenómeno megalítico en Galicia. A modo de introducción». In RAMIL REGO, E. (ed.) *El fenómeno megalítico en Galicia*. Vilalba, p. 7-11.
- RAMIL REGO, P.; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1996). «Referencias paleoecológicas en torno al Fenómeno Megalítico en el NW Ibérico». In RAMIL REGO, E. (ed.) *El fenómeno Megalítico en Galicia*. Vilalba, p. 39-53.
- RICHARDS, J. (1990). *The Stonehenge environs project*. Londres.
- SAVILLE, A. (1990). *Hazleton North. The excavation of a Neolithic long cairn of the Costswold-Severn group*. London: Historic Buildings and Monuments Commission for England.
- SENNA-MARTÍNEZ, J. C. de; VENTURA, J. M. QUINTÁ. (2000). Espaço funerário e «espaço cénico»: A Orca de Folhadal (Nelas). En Jorge, V. O. (coord.). *Actas do 3º congresso de arqueologia peninsular. Vol. III. Neolitização e megalitismo da península Ibérica*. Porto, pp. 379-397.

- SUÁREZ OTERO, J.; CARBALLO ARCEO, X.; AMIL BALTASAR, J. C. (1998). «El Neolítico en Galicia: nuevas evidencias y nuevas perspectivas». *Madrider Mitteilungen* 39, pp. 1-13.
- TINEVEZ, J.Y. (1992). «Structures d'habitat du Néolithique et l'age du Bronze decelees recemment en Bretagne». *Paysans et bâtisseurs. L'émergence du Néolithique atlantique et les origines du Mégalithisme. Actes du 17ème Colloque interrégional sur le Néolithique, Vannes, 1990. Revue Archéologique de l'Ouest. Supplément n° 5.*, p. 71-78.
- VÁZQUEZ COLLAZO, S. (1995). «Un espacio entre túmulos: sondeo en Entrepineiro (Mos)». In *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo, 1993)*. Vigo, vol. I, pp. 381-386.
- VÁZQUEZ COLLAZO, S. (2000). «Intervención arqueolóxica de urxencia no xacemento de Entrepineiro (Mos-Pontevedra)». *Brigantium* 12, pp. 93-122.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1943). «Campo de Mámoas». *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, vol. 1, p. 127-132.
- VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (2001). «As escavacións arqueolóxicas en monumentos tumulares de Galicia: 1965-1998. Cuestións metodolóxicas e bibliométricas». *Gallaecia*, 20, pp. 61-95.
- VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (2002). *Control arqueolóxico do novo cerre do recinto do dolmen de Dombate. Memoria*. Memoria inédita depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (2004). Un novo seixo con trazos antropomórficos procedente do dolmen de Axeitos (Ribeira, A Coruña). *Gallaecia*, 23, pp. 7-33.
- VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (e.p.). *Control arqueolóxico do Proxecto para o cerre da finca do dolmen de Axeitos (Ribeira, A Coruña). Memoria*. En preparación
- VILLOCH VÁZQUEZ, V. (1995). «Análisis del emplazamiento tumular en Galicia: El caso de la necrópolis de Saídos das Rozas (Campolameiro - Pontevedra)». In *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo, 1993)*. Vigo, vol. I, pp. 373-378.
- WHITTLE, A. (1985). *Neolithic Europe: a survey*. Cambridge.
- WHITTLE, A. (1988). *Problems in Neolithic Archaeology*. Cambridge.
- WHITTLE, A. (1996). *Europe in the Neolithic. The creation of new worlds*. Cambridge.





Figura 1: A. Planta da escavación do túmulo de Durrington Down e áreas sondadas no seu contorno inmediato (segundo Richards, 1990). B. Bruyère du Hamel. Planta do túmulo e estruturas previas (segundo Dron e mais San Juan, 1992).




Figura 2: A. Planta da Orca de Folhadal e mais da cabana localizada fronte ao corredor (segundo Senna e mais Ventura, 2000). B. Estruturas previas localizadas baixo o túmulo de Ernes (segundo Dron e mais San Juan, 1992).




Figura 3: A: Planta del *long barrow* de Hazleton North, coas estruturas previas ao monumento e as canteiras localizadas nas súas proximidades (segundo Saville, 1990). B. Casa rectangular (esquerda) localizada baixo a *court tomb* de Ballyglass 1 (dereita) (segundo Cooney, 2000).




Figura 4: Evolución da ocupación do espazo no que se construíu a tumba monumental de Knowth, desde o Neolítico até a Idade do Bronce (segundo Cooney, 2000).






Figura 5: A. Table des Marchands e estruturas rituais prévias (segundo Cassen e mais L'Helgouac'h, 1992). B. Cairnpapple Hill. Evolução do monumento desde um Henge (esquerda) até um cairn (direita) (segundo Bradley, 1998).




Figura 6: A. Estruturas previas (dereita) ao túmulo escocés de The Howe (segundo Davidson e mais Henshall, 1989). B. Casa mortuoria de Tustrup, cos vasos cerámicos localizados *in situ* (segundo Kjøerum, 1967).




Figura 7: A. Planta do contorno de Stonehenge, cos túmulos e *cursus* próximo, indicando a área visible desde o monumento (segundo Richards, 1990, modificado a partir de Bradley, 1998). B. Planta do *Dorset Cursus* (segundo Castleden, 1990).




Figura 8: A. Planta dos *settings* localizados fronte á tumba leste de Knowth (segundo Eogan, 1986). B. Planta da área escavada no contorno do túmulo 3 do Alto de San Cosme (segundo Parcero, 1998).




Figura 9: A. Tumbas localizadas ao exterior do monumento de corredor de Vroue Hede (segundo Kaelas, 1981). B. Planta e sección do túmulo de Quanterness nos que se aprecia a vivenda serodia que alterou o monumento (segundo Davidson e máis Henshall, 1989).




Figura 10: Planta das remocións realizadas no contorno do dolmen de Dombate e detalle das posibles estruturas prehistóricas localizadas.